

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (ITG) PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E DESENVOLVEMENTO DE OBRA CIVIL PARA A POSTA EN MARCHA DA INFRAESTRUTURA DE INVESTIGACIÓN «GALAXY-LAB».

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar no ano 2021 coa entidade Instituto Tecnolóxico (ITG) de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2024, sen prexuízo de que as actividades obxecto do mesmo xa se iniciasen o 16 de outubro de 2021, e se teñan rematado o 31 de outubro de 2023

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións da axuda que a Axencia Galega de Innovación concede a ITG para a adquisición de equipamento e desenvolvemento de obra civil para a posta en marcha da infraestrutura de investigación «GALAXY-LAB».

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes.
2. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta Lei estableceu o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.
3. O anterior Plan aprobouse polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 e é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. Na RIS3 establécese a estratexia de innovación a seguir para acadar un





crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020. Un dos seus tres grandes retos é o novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento.

4. Nas últimas décadas estase a producir un auténtico cambio de paradigma tecno-económico consecuencia do favorecemento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC). Este cambio engloba todos os planos da realidade, tanto económica, coma social.
5. A Civil UAVs Initiative (CUI) é a iniciativa estratéxica da Xunta de Galicia para o impulso do Polo Aeroespacial de Galicia a través de diversas actuacións que perseguen impulsar o crecemento económico e a cohesión de Galicia, a través do apoio a un novo sector de alta tecnoloxía.
6. O primeiro período de execución da CUI, rematado en 2020, mobilizou un investimento de 164M€ e executou uns 59 proxectos de I+D e infraestruturas. Así mesmo propiciou a creación de 5 novas empresas en Galicia e identificou 430 solucións tecnolóxicas, produtos ou procesos relativos a servizos públicos.
7. Na seguinte etapa de actuacións (2021 a 2025) prevese dar resposta a novos retos, crear instrumentos de colaboración público-privada para impulsar o tecido industrial e de coñecemento galego no sector aeroespacial, así mesmo contéplase a consolidación do investimento público-privado, contemplando todas as actuacións capaces de afianzar Galicia como un polo aeroespacial de referencia mundial no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas. O desenvolvemento dunha industria aeroespacial en Galicia é un obxectivo prioritario das políticas de innovación e industria da Xunta.
8. O ITG consolidouse nos últimos anos como centro de referencia en I+D+i aplicada ao ámbito dos Sistemas Aéreos Non Tripulados (UAS, Unmanned Aircraft Systems). Destaca a súa experiencia e capacidade científico-tecnolóxica en áreas chave para o desenvolvemento do sector UAS, tales como “Automatización e Robótica Aérea”, “Control de Tráfico Drons”, “Sistemas Embebidos para IoT”.
9. O ITG situouse como centro referente en UAS no ámbito nacional, participa activamente dende hai anos nos grupos da Comisión Asesora de AESA (Agencia Espacial de Seguridad Aérea) e mantén acordos estratéxicos de colaboración en I+D con empresas relevantes do sector.
10. A nivel nacional o ITG é un dos 4 centros, o único galego, que logrou o recoñecemento como centro excelente en I+D no ámbito de Mobilidade Aérea Autónoma para o Transporte Intelixente, por parte do Ministerio de Ciencia e Innovación, a través do Programa Cervera





Centros de CDTI; no ámbito internacional participa activamente nos principais foros de discusión en materia de regulación, estandarización e I+D.

11. O ITG solicitou unha subvención á Axencia Galega de Innovación para a posta en marcha da infraestrutura de investigación «Galaxy-Lab». Con esta infraestrutura contribuírase ao fortalecemento do polo Aeroespacial Galego.
12. Para a realización deste investimento a Axencia Galega de Innovación achegará unha axuda por un importe máximo de 579.850,00€ (IVE non incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.781.0 código proxecto 2015 00020, dos seus orzamentos para os anos 2021, 2022 e 2023 de acordo coa táboa e coa distribución que se indica:
13. Este convenio contempla a realización nos exercicios 2021, 2022 e 2023 de investimentos en obra civil, subministración de equipamento, e material e equipamento e licenzas necesario para a realización de probas de experimentación.
14. Conforme aos límites establecidos no artigo 26 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014) ao tratarse dunha axuda para a construción ou mellora de infraestruturas de investigación, a intensidade máxima da axuda será do 50% dos custes subvencionables, polo que o custo elixible deberá ascender a un mínimo de 1.159.700,00 € (IVE non incluído):

	ANOS			Total
	2021	2022	2023	
Orzamento total	395.850,00€	488.850,00€	275.000,00€	1.159.700,00€
Axuda da Axencia Galega de Innovación	197.925,00€	244.425,00€	137.500,00€	579.850,00€
% máximo da axuda	50%			

15. Os conceptos subvencionables incluídos como custo elixible serán os que teñan relación coas actividades de obra civil, tales como o desenvolvemento de diversas actuacións tendentes ao acondicionamento e/ou reforma de edificios e adecuación de espazos; a subministración de equipamento e material; e as licenzas necesarias para as probas de experimentación.





Que o artigo 19.4.c) da LSG permite o recurso á figura do convenio de concesión directa para os casos nos que existen razóns de interese público que dificultan a convocatoria pública. Neste caso, o recurso á sinatura do convenio de concesión directa resulta xustificado porque existe un interese público baseado na coincidencia de finalidades entre as actuacións a levar a cabo en execución do investimento previsto polo ITG e o obxectivo prioritario de políticas de innovación e industria da Xunta de Galicia.

Que a subscripción do convenio precisará da autorización do Consello da Xunta de Galicia por ter carácter plurianual (Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno); para realizar pagamentos á conta e pagamentos anticipados superando a súa suma o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados [artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009)]; para eximir da prestación de garantías nos pagamentos a conta (artigo 67.4 do Decreto 11/2009, por remisión do disposto nos artigos 62.3 e 63.2 do dito Decreto); para realizar pagamentos anticipados por unha porcentaxe superior ao 50% para subvencións de capital e eximir da prestación de garantías nos pagamentos anticipados (artigos 63.3 e artigo 67.4 do Decreto 11/2009; respectivamente).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na correspondente memoria xustifícase o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data que se indica na marxe.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

